



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias setembro 2021

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro do ano 2021 acadou a cifra de 1.034.229 para o total do sistema, o que supón unha baixada respecto ao pasado mes de agosto de 2021 de 5.241 afiliacións (-0,50%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.531.111, rexistrando un aumento do 0,29% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2021 con setembro de 2020) obsérvase un aumento de 22.430 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,22%) e un aumento do 3,47% (654.722 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto de 2021, rexístrase unha subida das afiliacións en oito comunidades autónomas, destacando Canarias (2,22%). Pola contra, a maior diminución atopámola en Cantabria (-2,01%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas nas dezasete comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Comunitat Valenciana con taxas superiores ao 4,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.531.111	57.387	0,29	654.722	3,47
Galicia	1.034.229	-5.241	-0,50	22.430	2,22
Andalucía	3.158.924	-2.882	-0,09	119.731	3,94
Aragón	578.997	-4.687	-0,80	12.119	2,14
Asturias	366.523	-6.709	-1,80	7.507	2,09
Illes Balears	543.260	-8.962	-1,62	43.183	8,64
Canarias	797.488	17.314	2,22	25.405	3,29
Cantabria	224.265	-4.608	-2,01	6.134	2,81
Castilla La Mancha	740.943	9.876	1,35	20.342	2,82
Castilla y León	933.172	-3.730	-0,40	16.701	1,82
Cataluña	3.478.568	12.650	0,36	125.836	3,75
Comunitat Valenciana	1.946.873	13.684	0,71	79.506	4,26
Extremadura	404.900	-3.372	-0,83	7.948	2,00
Madrid	3.288.252	42.632	1,31	122.185	3,86
Murcia	605.572	-5.170	-0,85	23.258	3,99
Navarra	294.109	20	0,01	7.514	2,62
País Vasco	958.475	5.354	0,56	12.540	1,33
La Rioja	131.182	1.335	1,03	1.828	1,41
Ceuta e Melilla	45.380	-118	-0,26	556	1,24

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de agosto de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,86%, o que supón 12.279 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (2,10%), Lugo (1,49%) e, por último, Ourense (0,81%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do mes de agosto de 2021, rexistrouse en Galicia unha baixada do 0,50%. Todas as provincias amosan datos negativos, sendo Lugo a que máis baixa (-0,99%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	441.585	-2.475	-0,56	12.279	2,86
LUGO	123.864	-1.240	-0,99	1.817	1,49
OURENSE	103.802	-264	-0,25	833	0,81
PONTEVEDRA	364.978	-1.263	-0,34	7.502	2,10
GALICIA	1.034.229	-5.241	-0,50	22.430	2,22
ESPAÑA	19.531.111	57.387	0,29	654.722	3,47


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,81% das afiliacións galegas en setembro de 2021, baixaron un 0,58% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,80%. En España estas taxas foron do 0,35% con respecto a agosto de 2021 e do 3,85% en relación ao mes de setembro de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,19%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Pontevedra (1,51%) amosa a taxa de variación interanual máis positiva, e Lugo (-1,34%), a máis negativa. O crecemento medio da comunidade galega sitúase entón no 0,58%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto de 2021, baixan todas as provincias, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,15%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (1,73%) e unha subida intermensual (0,13%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a setembro de 2020, caen todas as provincias, agás Lugo, destacando A Coruña (-4,56%). A taxa galega acaba entón o -3,30%, sendo inferior á de España (-0,54%). Con respecto a agosto de 2021, descenden todas as provincias agás A Coruña, principalmente Pontevedra (-2,30%). A taxa galega amosa así un descenso do 1,18% con respecto a agosto de 2021. A taxa nacional é do -3,60%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2021	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	441.585	-0,56	2,86
LUGO	123.864	-0,99	1,49
OURENSE	103.802	-0,25	0,81
PONTEVEDRA	364.978	-0,34	2,10
GALICIA	1.034.229	-0,50	2,22
ESPAÑA	19.531.111	0,29	3,47
R. XERAL			
A CORUÑA	350.755	-0,71	3,49
LUGO	89.420	-1,27	2,59
OURENSE	80.518	-0,30	1,14
PONTEVEDRA	284.019	-0,27	2,49
GALICIA	804.712	-0,58	2,80
ESPAÑA	16.146.403	0,35	3,85
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.184	-0,02	0,85
LUGO	32.909	-0,25	-1,34
OURENSE	23.284	-0,11	-0,32
PONTEVEDRA	68.058	-0,26	1,51
GALICIA	209.435	-0,15	0,58
ESPAÑA	3.319.875	0,13	1,73
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.646	1,18	-4,56
LUGO	1.535	-0,17	0,19
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.901	-2,30	-3,14
GALICIA	20.082	-1,18	-3,30
ESPAÑA	63.778	-3,60	-0,54

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 30 de setembro de 2021 en Galicia, había 9.842 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (non de forza maior, de forza maior ou do RDL 30/2020 e posteriores), 968 menos con respecto aos notificados no mes anterior (-8,95%). No total de España, o número de afectados por un ERTE a 30 de setembro é de 239.230, producíndose unha diminución de 32.960 respecto ao peche de agosto deste ano (-12,11%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	NOTIFICADOS A 30 DE SETEMBRO 2021	VARIACIONES	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	239.230	-32.960	-12,11
Galicia	9.842	-968	-8,95
Andalucía	30.969	-4.384	-12,40
Aragón	4.616	-345	-6,95
Asturias	3.908	-387	-9,01
Illes Balears	15.625	-2.010	-11,40
Canarias	28.619	-7.786	-21,39
Cantabria	1.956	-46	-2,30
Castilla La Mancha	5.050	-736	-12,72
Castilla y León	10.058	707	7,56
Cataluña	47.949	-4.977	-9,40
Comunitat Valenciana	16.901	-2.204	-11,54
Extremadura	2.468	-255	-9,36
Madrid	45.192	-7.690	-14,54
Murcia	2.972	-504	-14,50
Navarra	1.844	-194	-9,52
País Vasco	9.491	-961	-9,19
La Rioja	975	-119	-10,88
Ceuta e Melilla	795	-101	-11,27

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada neste último mes ten lugar en A Coruña (-13,59%) con 633 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIAS	NOTIFICADOS A 30 DE SETEMBRO 2021	VARIACIONES	
		ÚLTIMO DÍA MES ANTERIOR	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	4.024	-633	-13,59
LUGO	832	-132	-13,69
OURENSE	1.193	-213	-15,15
PONTEVEDRA	3.793	10	0,26
GALICIA	9.842	-968	-8,95

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>